

MEMORIA DE ACTIVIDADES

Persoal bolseiro da OMA

C U R S O
20-20
22-23



UNIVERSIDADE
DA CORUÑA



Green-Campus

MEMORIA DE ACTIVIDADES

DIRECCIÓN	Manuel Soto Castiñeira - Director OMA-UDC
COORDINACIÓN	Verónica Torrijos Pérez - Técnica OMA-UDC Martina Rey Dono - Técnica OMA-UDC
MAQUETACIÓN	Jose Vázquez Longueira - Bolseiro OMA-UDC
EDITA	Oficina de Medio Ambiente, Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade
AGRADECEMENTOS	Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiante (SAPE), Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria (VEPEU)

PERSOAL BOLSEIRO

Facultade de Ciencias	<i>Pablo Torreira Pardo</i>
Escola Técnica Superior Arquitectura	<i>Nerea López Bolón</i>
Facultade Filoloxía e Turismo	<i>Patricia Meléndez Lucas</i>
Facultade Economía e Empresa	<i>Enrique Otero Cores</i>
Facultade de Dereito	<i>Raquel Fernández Alonso</i>
Facultade de Socioloxía	<i>Noelia Rodríguez González</i>
Facultade CC. Comunicación	<i>José Vázquez Longueira (OMA)</i>
Facultade CC. Educación	<i>Laura González Vázquez</i>
Facultade Informática	<i>Adrián Villegas Duque</i>
Escola Técnica Superior Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	<i>Sofía Rouco García</i> <i>Alberto Franco Figueira (OMA)</i>
Facultade Fisioterapia	<i>Mónica Castro Pena</i>
Facultade Terapia Ocupacional	<i>Victoria Búa Beenítez</i>
Escola Universitaria Deseño Industrial	<i>Gabriela Águeda Hidalgo Quinn</i> <i>Paula Ramos Portela</i>

W C I D I N

1. Coordinación e responsabilidades	3	7. Campañas de aforro de auga, enerxía e papel	15
2. Divulgación da OMA	4	7.1. Contribucións no mapeo de auga con Emapic	
3. Mobilidade sustentable	6	7.2. Aforro de auga na UDC e eco-auditorías	
3.1. Servicio de préstamo de bicis		7.3. Aforro de papel na UDC	
3.2. A pegada ecolóxica da mobilidade		7.4. Aforro de enerxía na UDC	
3.3. EMAPIC		8. Outras actividades	16
4. Biodiversidade e Monte da Fraga	8	8.1. Hortas UDC	
5. Residuos e compostaxe	10	8.2. Limpeza de praias	
5.1. Ecoauditorías en decembro		8.3. Proxecto Rompendo Regras	
5.2. Campaña educativa na F. CC. Educación		8.4. Proxecto Ríos	
5.3. Áreas de compostaxe		8.4. Obradoiro arte sostible	
5.4. Exposición pegada ecolóxica dos residuos		8.5. Curso on-line pegada ecolóxica	
5.5. Cálculo da pegada ecolóxica da xeración de residuos		9. Programa Green Campus	18
5.6. Actividade na horta e na área de compostaxe		10. I Edición Premios UDC-Jealsa Sustentabilidade	19
6. Proxecto educando para a sustentabilidade	13	11. A UDC no ranking Green Metric 2022	20
6.1. Marzo Ambiental 2023		12. Resultados e valoración do curso 2022-2023	21
6.1.1. Presentación do programa		12.1. Cronograma	
6.1.2. Mesas redondas e palestras		12.2. Participación	
6.1.3. Obradoiros e voluntariado ambiental		12.3. Avaliación	
6.1.4. Visitas técnicas			
6.1.5. Exposicións			

1. Coordinación e responsabilidades

1.1. A Oficina de Medio Ambiente

A **Oficina de Medio Ambiente da Universidade da Coruña (OMA-UDC)**, situada no Edificio Xoana Capdevielle, no campus de Elviña, é o órgano ambiental da Universidade, dependente da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade. Encárgase da coordinación e realización de diferentes actuacións de tipo ambiental e de sustentabilidade na Universidade.

Os obxectivos principais da OMA son: A xestión ambiental e a sensibilización e participación da comunidade universitaria en materias relacionadas co medio ambiente e a sustentabilidade. Para o cumprimento dos seus obxectivos, a OMA participa na coordinación e realización de diferentes actuacións: dando información e facendo divulgación ambiental en toda a universidade, fomentando a participación e corresponsabilidade ambiental e realizando proxectos sectoriais relacionados coa xestión e a sustentabilidade ambiental.

1.2. A organización do persoal bolseiro

Cada curso académico a **Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade** a través do **Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiante (SAPE)** convoca diversas bolsas para a formación complementaria do estudiantado de Grao da Universidade. Entre elas atópanse as bolsas para a **OMA** e o programa **Green Campus**, cuxo obxectivo é ofrecer unha formación transversal en medio ambiente e sustentabilidade, dirixido a todas as disciplinas que se estudan na Universidade e implicando ao estudiantado na mellora en sustentabilidade dos campus.

No curso 2022/23, 15 estudantes gozaron da bolsa de formación e formaron parte do equipo de bolseiras da OMA. Para eles, as actividades de colaboración comezaron en novembro e remataron en maio do ano seguinte.

As actividades das bolsas destinadas á **OMA** estiveron coordinadas por **Manuel Soto**, director da OMA e por **Verónica Torrijos** e **Martina Dono**, técnicas da OMA. Para o bo funcionamento do equipo, mantivéronse principalmente dúas canles de comunicación:

- Presencial: Reunións ao longo do curso para definir os próximos obxectivos da OMA, reparto de tarefas e posta en común de dúbidas e propostas, entre outras cuestións.
- Telemática: Por correo electrónico e aplicacións de mensaxería instantánea, así como ferramentas online para a xestión de horarios e axendas.

As principais liñas temáticas que se desenvolveron durante o curso 2022/23 foron as seguintes:

- Divulgación: Xestión das redes sociais da OMA e preparación de material audiovisual para difundir as actividades, facer recomendacións e animar á comunidade universitaria a involucrase e participar activamente na promoción da sustentabilidade e no coidado do medio ambiente.
- Xestións administrativas: Inscricións ás actividades mediante correo electrónico ou formularios en liña e emisións de certificados.
- Residuos e compostaxe: Implantación de illas de recollida selectiva en diversos centros da universidade. Revisión periódica do proceso de compostaxe nas áreas de cada comedor universitario e campañas divulgativas de promoción da recollida selectiva.
- Ecoauditorías: Diversas auditorías de residuos e auga en diferentes centros e o seu análise de datos posterior. Etiquetaxe das billas dos aseos coa eco-etiqueta segundo o seu consumo de auga.
- Promoción da mobilidade sustentábel: Préstamo de bicicletas, enquisa da pegada ecolóxica da mobilidade e actividades de concienciación.
- Voluntariado ambiental: Coordinación de actividades e programas. Este curso centrouse principalmente na eliminación de especies exóticas invasoras e outras actividades no Monte da Fraga.

- Actividades na natureza: Roteiros e plantación da horta da OMA.
- Green Campus: atender a consultas dos comités dos centros adscritos ao programa, dispoñendo dun horario compartido coas persoas bolseiras para o traballo en rede na xestión ambiental da UDC.
- Proxecto Educando para a Sustentabilidade - Marzo Ambiental 2023: Coordinación e posta en marcha das actividades encadradas no Marzo Ambiental.
- O grupo de bolseiras participou nestas actividades segundo o plan de formación da convocatoria da bolsa da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade.

1.3. Recoñecemento de créditos

Tódalas actividades da OMA abertas á participación da comunidade universitaria están acollidas ao recoñecemento de créditos para o estudiantado de Grao da UDC, baixo a Resolución Reitoral do 23/12/2020 da Universidade da Coruña, de maneira que por cada 10 horas de formación se recoñecerá 1 crédito ECTS.

1.4. Voluntariado ambiental

Dende o curso 2016/2017 e grazas a un acordo de colaboración coa **Oficina de Cooperación e Voluntariado**, a OMA pode contar con persoal voluntario permanente ao longo do curso, o cal se dedica especificamente a cuestións medioambientais e/ou de promoción da sustentabilidade.

Este programa está dirixido a toda a comunidade universitaria, incluíndo tanto ao alumnado, como PDI e PAS, e para participar cómpre realizar un pequeno curso en voluntariado e estar ao tanto das actividades nas que se pode participar, elixindo aquelas que máis se adapten aos intereses e dispoñibilidades de cada persoa.

Non obstante, existe tamén outra modalidade de voluntariado, a cal consiste na participación en xornadas concretas de voluntariado ambiental convocadas pola OMA de xeito puntual, de temática moi variada e cuxa duración estimada é de entre 2 e 3 horas.

Toda a información sobre o voluntariado ambiental na UDC está accesible na seguinte ligazón:


https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/voluntariado/

2. Divulgación da OMA

A OMA conta co seu propio espazo na páxina web da UDC. Para atopalo, hai que entrar na páxina web da UDC, e clicar dentro do apartado “vida no campus”, concretamente en “Medio Ambiente”.

Aí atopamos diferentes entradas:

- **Proxecto Educando para a Sustentabilidade**
- **Green Campus**
- **Voluntariado ambiental e Bolsas**
- **Bicis e mobilidade**
- **Pegada ecolóxica**
- **Enerxía**
- **Hortas**
- **Compostaxe, residuos e recursos**
- **Biodiversidade e Monte da Fraga**
- **Augas e ríos**
- **Actividades (histórico), onde aparecen as memorias de cursos anteriores**



Captura do inicio da páxina web da OMA

Ademais, é nesta mesma páxina, no apartado de “Actualidade” onde se divulgan as diferentes actividades, convocatorias, programas e noticias relacionadas coa Oficina, facilitando o acceso a todas as persoas interesadas.

A difusión das actividades da OMA complétase nas redes sociais, pois posúe conta de Facebook, Twitter, Instagram e Youtube, así como un **blogue** que funciona como arquivo de actividades históricas.

O *Facebook* da OMA é a rede social máis antiga, pois leva activa desde o 2011; é tamén a máis popular, pois conta cun total de 1.700 seguidores. Nel, compártense todas as actividades que se realizan dende a Oficina de Medio Ambiente, ademais de certas noticias de interese. Do mesmo xeito, funciona a conta de *Instagram*, a cal se atopa co nome de usuario: [@oficina_medio_ambiente_udc](#). Actualmente conta con 970 seguidores, tras un incremento de 100 seguidores respecto do ano pasado. Dado que hoxe en día é unha das plataformas con máis alcance, este ano levouse a cabo o primeiro sorteo a través desta plataforma, o cal estivo acollido dentro da Semana da Alimentación Saudable e Sostible, incluída na VI Convocatoria do Marzo Ambiental.



Captura do feed da conta de Instagram

Correo-e: oma@udc.gal
oma2@udc.gal
oma3@udc.gal

Teléfono: +34 981 16 70 00 (5626)
 (5688)

Por outra banda, a OMA tamén posúe conta de Twitter, onde se atopa baixo o nome de usuario [@OMAUDC](#). Conta con 794 seguidores, 20 máis ca o ano pasado e a finalidade desta plataforma é divulgativa. Así mesmo, tamén se pode atopar á OMA na plataforma de vídeos YouTube, como [@bolseirasoma7609](#). Hai 37 vídeos publicados, entre os que encontramos o *Proxecto Ríos 2023* ou a *Feira da sustentabilidade do Marzo Ambiental 2022*.

Finalmente, para poñerse en contacto coa Oficina hai varias posibilidades, ben por correo electrónico ou por teléfono.

O horario de oficina durante o curso 2022/2023 foi de luns a xoves de 10 a 13h.

--> A OMA e a sustentabilidade da UDC nos medios de comunicación

Algunhas noticias de promoción da OMA ou da sustentabilidade na UDC tamén foron recollidas por medios de comunicación locais. A convocatoria do Marzo Ambiental apareceu nos xornais, facilitando así achegar este programa alén da comunidade universitaria. Ademais, esta edición contou cunha chamativa actuación da man de Nauta Teatro e Trópico de Grelos que encheu de música e xente o campus de Elviña-Zapateira.

Pódese acceder ás noticias completas en:

- El ideal gallego: <https://www.elidealgallego.com/articulo/a-coruna/reportaje-idilio-gaviota-basura-acaba-metфора-invita-reflexionar-4215702>
- La Opinión, A Coruña: <https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2023/03/14/teatro-sostenibilidad-rotonda-elvina-84610383.html>



Recortes de periódico de noticias de sustentabilidade da UDC

A entrega da bandeira Sendeiro Azul ao Reitor, Julio Abalde, como galardón de recoñecemento polo sendeiro do Monte da Fraga, no campus da Zapateira, tamén saíu recollida no periódico EFE Galicia. Pódese ler a noticia completa no seguinte enlace: <https://efe.com/galicia/2023-02-24/distinguen-con-bandera-azul-104-senderos-en-espana-35-de-ellos-en-galicia/>



El presidente de la Xunta, Alfonso Rueda (7-iz, abajo), posa con los galardonados con las banderas de los 104 senderos azules distinguidos en un acto celebrado esta mañana en la Ciudad de la Cultura en Santiago. EFE/ Xoán Rey

Distinguen con bandera azul 104 senderos en España, 35 de ellos en Galicia

Galicia, con 35 senderos azules, es la comunidad autónoma a la cabeza. Además, destaca el municipio de Sanxenxo (Pontevedra), que acumula siete senderos azules reconocidos y que es el ayuntamiento de España con más distintivos.

Otra de las curiosidades de esta edición es que, por primera vez, se ha entregado la bandera a un sendero promovido por una universidad, la de A Coruña (UDC), que ha recogido su rector, Julio Abalde.

Recortes de xornal
de noticias de
sustentabilidade da
UDC

3. Mobilidade sustentable

3.1. Servizo de préstamo de bicicletas

O Servizo de préstamo de bicicletas, xestionado pola OMA, está incluído no Plan de mobilidade sustentábel da UDC. O obxectivo é poñer este recurso a disposición do estudiantado e do persoal PAS e PDI, facilitando así o acceso a unha bicicleta a aquelas persoas interesadas en facer uso da mesma favorecendo a mobilidade sostible, tanto ata os centros de estudo/traballo coma nos desprazamentos diarios.

Co uso da bicicleta como medio de transporte e desprazamento, a OMA pretende dar acceso a toda a comunidade universitaria a un transporte sostible que reduce a conxestión do tráfico, mellora a calidade ambiental nas cidades, contribúe a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro, e mellora a saúde das persoas que fan uso delas.

O parque de bicicletas da UDC contou no curso 2022/2023 con **126 unidades** de catro modelos diferentes: dous tamaños de bicicleta estándar, ademais de bicicletas de encartar e bicicletas eléctricas, repartidas nos campus da Coruña e Ferrol.

Publicación do informe do programa de préstamo de bicicletas da UDC:

<https://www.udc.es/gl/novas/Publicase-o-informe-do-programa-de-prestamo-de-bicicletas-da-UDC/>

Toda a información sobre este servizo pódese atopar na páxina web da OMA-UDC:

https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/bicis/




Fotografía da entrega de bicicletas

3.2. A pegada ecolóxica da mobilidade

A OMA colabora co CartoLab para a promoción da sustentabilidade a través da ferramenta EMAPIC. Esta aplicación de software libre ofrece moitas posibilidades, entre elas, recompilar datos relevantes para cuantificar e analizar a pegada ecolóxica da mobilidade nunha determinada área xeográfica ou comunidade. Estes datos empréganse para identificar áreas de mellora e desenvolver estratexias para promover unha mobilidade máis sostible, como o fomento do transporte público, o impulso de modos de transporte non motorizados e a adopción de vehículos máis eficientes.

No curso 2022-2023 participaron **62 persoas**, que xeraron de media 1.356,4 kg CO₂/persoa·ano. Ao igual que acontecera en anos anteriores, o resultado é notablemente inferior ao obtido no informe da mobilidade ligada á UDC. Este nesgo pode deberse a que o achegamento a estas ferramentas de cálculo por iniciativa propia adoita levar implícito un factor de motivación de persoas que xa veñen practicando unha mobilidade máis responsábe:

<https://emapic.es/custom/mobilidade-desprazamentos-udc/results>



Resultados da enquisa en Maio 2023

Os resultados deste estudo son de gran importancia, xa que permiten identificar as áreas onde se producen as maiores emisións de CO₂ e orientar as accións cara á implementación de medidas máis sostibles. Isto proporciona unha base sólida para a toma de decisións informadas e a planificación de políticas e futuros proxectos no ámbito de transporte, mobilidade e planificación urbana, ademais de contribuír á sensibilización e concienciación sobre a importancia de reducir o impacto ambiental asociado coa mobilidade, tanto a nivel individual como colectivo, sobre todo no ámbito da UDC.

Adicionalmente, realizáronse actividades relacionadas coa mobilidade na UDC (Novembro 2022 e Marzo 2023):

- **Proxecto ApS sobre a enxeñaría civil como motor da sustentabilidade no ámbito do transporte:** afirmado de estradas e mobilidade sostible. Este foi desenvolvido pola UDC, na ETSE Camiños, Canais e Portos, achegando un enfoque innovador e comprometido coa sustentabilidade no sector da enxeñaría civil.



Paneis resultado do proxecto ApS da ETSECCP



4. Biodiversidade e Monte da Fraga

O Monte da Fraga é un espazo forestal situado entre a Facultade de Ciencias e a Facultade de Filoloxía e Turismo. Ata o ano 2006 este espazo eran os restos dunha plantación forestal de eucaliptos, descoidada e sen ningún tipo de xestión silvícola. Dende ese ano estase levando a cabo un proceso de recuperación, coa retirada da maior parte dos eucaliptos e reforestación con especies autóctonas, pasando a ser un espazo de interese para a realización de actividades ao aire libre, divulgación e investigación, estando esta última ligada principalmente á Facultade de Ciencias.

4.1. Proxecto de custodia do territorio

A Custodia do Territorio é unha estratexia de conservación definida pola Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, segundo a cal as Administracións Públicas fomentarán a custodia do territorio mediante acordos entre entidades de custodia e propietarios de fincas privadas ou públicas que teñan por obxectivo principal a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade. Un exemplo disto é a colaboración coa UDC dos colectivos ecoloxistas ADEGA e Hábitat, que están a contribuír coa realización de diferentes actividades de estudo e conservación do espazo do Monte da Fraga. Este proxecto conta ademais cun “Convenio específico de colaboración entre o Concello da Coruña e a Universidade da Coruña para a execución do proxecto de custodia e voluntariado ambiental no Monte da Fraga”, asinado en outubro de 2017 e renovado anualmente ata a actualidade.

4.2. Actividades

• Eliminación de flora invasora

Realizáronse varias actividades de seguimento da eliminación de flora invasora ao longo do curso académico, co obxectivo de debilitar ou eliminar a maior cantidade posible de plantas invasoras por medio de técnicas experimentais ecolóxicas e ferramenta manual. As saídas ao Monte da Fraga con este fin realizáronse os días: 13 e 30 de setembro, 18 e 27 de outubro e 25 de novembro de 2022 e 14 de febreiro de 2023. Algunhas destas actividades viñeron acompañadas de charlas e roteiros divulgativos (como o roteiro “As cores de outono do Monte da Fraga”, levado a cabo o día 18 de outubro de 2022). Estas actividades foron monitorizadas polo persoal técnico e de educación ambiental da asociación ecoloxista ADEGA.

• Reparación da charca do Monte da Fraga

Este espazo foi creado co obxectivo de incorporar un sistema húmido, clave para a promoción da biodiversidade, favorecendo a formación de novos hábitats e ecosistemas no Monte da Fraga. Porén, precisa de coidados e reparacións periódicas, as cales se realizaron o 23 de setembro de 2022 e o 2 de febreiro de 2023, coincidindo esta última co Día dos Humidais. Estas actividades foron monitorizadas polo persoal técnico e de educación ambiental da asociación ecoloxista ADEGA.



Fotografías de "Reparación da charca do Monte da fraga" (Esquerda) e "Eliminación de flora invasora" (Dereita)

• Ilustración da natureza

Esta xornada de expresión artística da natureza estivo monitorizada polo debuxante Calros Silvar, autor de obras como as guías da natureza de Bahía Edicións. Consistiu nunha actividade práctica onde as persoas participantes tiveron ocasión de aprender técnicas e recomendacións básicas para os primeiros pasos no mundo da ilustración da natureza. A actividade realizouse o 19 de outubro de 2022.



Fotografías de "Ilustración da natureza"

• Baño de bosque no Monte da Fraga

O baño de bosque ou Shinrin-yoku é unha técnica orixinaria de Xapón que permite baixar o ritmo, espertar os sentidos e relaxarse. Esta actividade realizouse o 20 de outubro de 2022 e foi guiada por unha especialista en Baño de bosque e Terapia Forestal certificada por varias das institucións oficiais máis importantes na materia.



Fotografía de "Baño de Bosque"

• Xornadas sobre os valados de pedra seca no Monte da Fraga

O obxectivo desta xornada foi dar a coñecer o patrimonio cultural e ambiental galego, sendo os valados en pedra seca elementos característicos das paisaxes cercadas ou en bocage, e pezas de gran importancia na conservación da biodiversidade, proporcionando acubillo a multitude de especies. A actividade realizouse o 10 de novembro de 2022 e foi monitorizada polo persoal técnico e de educación ambiental da asociación ecoloxista ADEGA.



Fotografía dun valado de pedra seca no Monte da Fraga

• Obradoiro de montaxe de caixas niño e refuxios de fauna

Os refuxios e as caixas niño, correctamente elaborados, instalados e mantidos, poden axudar a suplir a escaseza de acubillos naturais, facilitar a posta en marcha de estudos científicos, así como permitir o establecemento de certas especies beneficiosas nun espazo determinado, optimizando a biodiversidade da contorna. Un ano máis, o persoal técnico e de educación ambiental do Grupo Naturalista Hábitat monitorizou esta actividade que tivo lugar o 17 de novembro de 2022.



Fotografías da construción dunha caixa niño

• VII Semana dos Cogumelos na UDC

Seguindo co éxito das pasadas convocatorias, no 2022 a Asociación UDC Big-Bang organizou unha nova edición da Semana dos Cogumelos na UDC, a cal incluíu unha saída de campo polo Monte da Fraga coa intención de recolectar e identificar fungos no campo. Esta saída tivo lugar o 25 de outubro de 2022 e, simultaneamente, tamén se montou na Facultade de Ciencias unha exposición colaborativa de cogumelos, a cal estivo dispoñible do 24 ao 27 de outubro de 2022.



Exposición de cogumelos na VII Semana dos Coogumelos na UDC

- **Concurso de fotografía “Flora e fauna no entorno da UDC”**

Co obxectivo de poñer en valor a biodiversidade presente nas zonas naturais dos campus da UDC, dende a Facultade de Ciencias organizouse unha nova edición do concurso de fotografía, que nesta ocasión expandía a área de estudo do Monte da Fraga (A Zapateira) a todas as contornas dos campus da UDC. Esta actividade entrou dentro do programa do Marzo Ambiental 2023 e as fotografías premiadas foron expostas na Facultade de Ciencias. Ademais, as persoas galardoadas foron obsequiadas con un lote de libros providos polo Servizo de Publicacións da UDC, un kit de sustentabilidade cortesía da OMA e a súa fotografía gañadora impresa.



*Persoas gañadoras
coas súas fotografías e
lote de premios*

5. Residuos e compostaxe

5.1. Ecoauditorías de residuos en decembro 2022

Un ano máis, levouse a cabo un estudo da xeración de residuos nos centros da UDC, así como da calidade da recollida separada naqueles centros que dispoñen dela. A actividade levouse a cabo dende a OMA con apoio do persoal bolseiro, e sempre en coordinación co persoal de limpeza dos diferentes centros, do 12 ao 22 de decembro de 2022.

A tarefa consistiu na caracterización dos residuos acumulados nas illas instaladas en diferentes facultades do campus de Elviña e da Zapateira, e que responden a un sistema de recollida selectiva de residuos, así como unha parte do total de lixo xerado en cada edificio ao longo dun período coñecido de tempo (2-3 días). O obxectivo foi analizar pormenorizadamente o tipo e proporción de residuos existentes nos colectores para coñecer, por una banda, as dinámicas de xeración e recollida de cada edificio e, por outra, o grao de concienciación neste senso e así, poñer en marcha estratexias para a súa mellora.

5.2. Campaña educativa na F. CC. Educación

As campañas de concienciación en torno á recollida selectiva levan facéndose durante varios cursos nas diferentes facultades e escolas da UDC, xeralmente vinculadas á Semana Europea de Redución de Residuos (EWWR). Simultaneamente, durante ese período tamén se levan a cabo eco-auditorías de residuos nos diferentes centros. Mais este ano, quíxose ir un paso máis alá e comprobar a eficacia da campaña de concienciación, focalizándose na F. CC. Educación e facendo unha eco-auditoría inicial e outra ao final da campaña. Así mesmo, a campaña consistiu, ademais das habituais mini-charlas en diferentes aulas da Facultade, nunha enquisa sobre a percepción do estudantado da recollida selectiva na casa e no centro.

Os resultados demostran a vontade da maioría das persoas de contribuír á recollida selectiva, mais certas trabas como o descoñecemento do modelo ou do destino dalgúns residuos de tipoloxía mixta.



Fotografías das ecoauditorías de Decembro 2022

5.3. Áreas de compostaxe

Na UDC existen 10 áreas de compostaxe nas cales os residuos orgánicos dos comedores universitarios son tratados in situ, sen necesidade de transporte e, ademais, permitindo a elaboración dun compost de gran calidade, catalogado como tipo A (apto para agricultura ecolóxica). Posteriormente, ese abono é empregado nas hortas comunitarias da UDC, compostas por 40 parcelas de uso cedido a alumnado e persoal laboral. Esta acción permite reducir a pegada ecolóxica da xestión dos residuos da nosa universidade

Deste xeito, as áreas de compostaxe da UDC acollen máis do 90% dos residuos orgánicos dos comedores, o que supón un bo exemplo de economía circular. O mantemento das áreas é levado a cabo por unha mestra composteira, que dúas veces á semana se encarga de asegurar que o proceso de compostaxe estea sendo óptimo e corrixindo a humidade, cantidade de estruturante, etc. no caso de ser preciso.



Fotografías das áreas de compostaxe da ETSECCP, F. Dereito e F. Fisioterapia

5.4. Exposición da pegada ecolóxica dos residuos

A sensibilización respecto da xeración e xestións dos residuos é unha peza clave á hora de promover unha redución da pegada ecolóxica dos hábitos de consumo das persoas. Co obxectivo de concienciar á comunidade universitaria, a OMA-UC conta cunha exposición composta por 16 paneis nos cales se explican as características do modelo de xestión de residuos na comarca da Coruña (modelo Nostián) e se detalla como realizar unha correcta separación en orixe, ademais doutra información de interese. Este curso localizouse na Facultade de Socioloxía e CC. Comunicación.




Fotografías da exposición na Facultade de Socioloxía e CC. Comunicación



5.5. Cálculo da pegada ecolóxica da xeración de residuos

EMAPIC é a ferramenta empregada para calcular a pegada ecolóxica dos hábitos de consumo da poboación e a produción de residuos asociada. Durante o curso 2022-2023, esta aplicación tivo 246 novas entradas, cunha produción media de 0,98 kg de residuos por persoa e día, e unha media persoal de 115,16 kg de CO₂/ano, resultados semellantes aos do curso anterior (0,97 kg/día e 111,45 kg de CO₂/persoa·ano) e tamén coincidentes co total de contribucións nesta aplicación desde a súa posta en marcha no ano 2017: total de 2.420 entradas e un índice de 1,03 kg de residuos/día e 118,19 kg de CO₂/persoa·ano.

<https://emapic.es/custom/pegada-ecoloxica/residuos/results>



Captura da páxina de EMAPIC

Resultado da produción de residuos en kg/persoa e día das participacións durante o curso 2022/2023 (246 novas entradas)

5.6. Actividade na horta e na área de compostaxe

Con obxectivo de ensinar á comunidade da UDC unha alternativa ecolóxica e descentralizada de tratamento dos residuos orgánicos, a OMA propuxo unha actividade na cal presentou a compostaxe caseira e o uso do compost obtido na plantación dunha horta.

Esta actividade tivo lugar na área de compostaxe asociada ao comedor da Facultade de Ciencias e EU Arquitectura Técnica, situada na praza da Fraga (A Zapateira). A xornada foi teórica e práctica: mantemento básico dun composteiro, medición dos parámetros de calidade, demostración da montaxe dun composteiro, preparación do terreo e plantación da horta.

Para finalizar cada asistente puido levar consigo unha mostra do compost da UDC e folletos que recollían a información que se explicara previamente. A asistencia foi de 8 persoas.



Fotografías da actividade na horta e na área de compostaxe



6. Proxecto educando para a sustentabilidade

O proxecto ‘Educando para a Sustentabilidade UDC’ no curso 2022-2023 tivo a súa sexta edición, baixo o título de ‘Campus, Casa, Cidade: Laboratorios do cambio’.

Este amplo proxecto conta con diferentes liñas de acción, claves para conseguir os seus obxectivos. Por unha banda, o **‘Marzo Ambiental 2023’** e o **Curso en liña ‘Pegada ecolóxica e emerxencia climática: achegas desde a UDC’**, e en terceiro lugar nos centros educativos da Mariña Lucense, baixo o nome de **‘Mariña Ambiental 2023’**, que neste curso acolleu a súa segunda edición, co obxectivo de achegar a formación en sustentabilidade ás xeracións máis novas desta área xeográfica. O grupo de bolseiros e bolseiras da OMA e Green Campus implicáronse na liña de participación do Marzo Ambiental 2023.

6.1. Marzo Ambiental 2023

6.1.1. Presentación do programa

O **Marzo Ambiental** é un ciclo específico para a promoción dos obxectivos de sustentabilidade do programa **"Campus, Casa, Cidade: Laboratorios do cambio"**. Este ano celebrouse a súa sexta edición do 20 ao 30 de Marzo de 2023 e estivo composta por varias liñas de acción: palestras, obradoiros, mesas redondas, visitas técnicas e voluntariado ambiental.

Así mesmo, nesta convocatoria desenvolveuse unha intensa campaña divulgativa nas primeiras semanas des Marzo, na cal se incorporaron dúas interesantes iniciativas: a **Eco-Ruleta da OMA**, un posto informativo e divulgativo das actividades do Marzo Ambiental 2023, incentivado polo xogo con preguntas de carácter medioambiental e premios ecolóxicos. A segunda iniciativa foi a **Semana de Alimentación Saudábel e Sustentábel**, na cal as cafeterías das facultades participantes engadiron ao menú unha opción vegana.

O ciclo de actividades tamén contou cunha gran inauguración o día 15 de marzo, coa **acción teatral** ao ritmo da batucada de **"O derradeiro xantar da gaivota"**, de **Nauta Teatro** e **Trópico de Grelos**, ao aire libre, na rotonda de Elviña.

As actividades tiveron moi boa acollida, chegando a unha participación de 1.622 persoas.



Portada do tríptico informativo do
Marzo Ambiental 2023

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	S	D
27	28	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31	1	2

Eco-Ruleta	Acción teatral	Palestra	Obradoiro
Mesa redonda	Visita técnica	Voluntariado	Semana alimentación

Calendario das actividades do Marzo Ambiental 2023

6.1.2. Mesas redondas e palestras

Leváronse a cabo 3 mesas redondas e 10 palestras, facendo un total de 13.

Tratouse a temática do medio ambiente, pero desde unha gran cantidade de puntos distintos: saúde, aforro e eficiencia no consumo enxético e da auga, informática, enerxías renovables...

Estas actividades foron eminentemente na modalidade presencial e lograron unha asistencia total de 360 persoas.

6.1.3. Obradoiros

Nos 10 obradoiros levados a cabo, tratáronse temas similares aos das mesas redondas e palestras, pero cunha maioría de actividades centradas nos residuos e o proceso de reciclaxe, así como a importancia da participación individual no proceso, sendo o foco principal das iniciativas da OMA no curso 2022-2023. As actividades lograron este ano a participación de 179 persoas.

6.1.4. Visitas técnicas e voluntariado ambiental


Este ano tiveron lugar 4 visitas técnicas, unha máis que en 2022, e 1 voluntariado ambiental.

Co obxectivo de aprender dunha forma máis práctica, as persoas participantes visitaron o parque eólico experimental Sotavento, e as depuradoras de augas residuais EDAR Bens e Cabo Prioriño. Tamén se levou a cabo un roteiro por proxectos de sustentabilidade que incluían os Sistemas Urbanos de Drenaxe Sostible (SUDS) da UDC, a planta piloto de depuración de augas por humidal e o módulo bioclimático experimental da Vieira, contando coa guía de persoas especialistas en cada centro. Desta forma, observouse o funcionamento de primeira man, concienciando da súa importancia para o medio ambiente e a nosa responsabilidade para o seu bo funcionamento. Ás visitas e xornadas de voluntariado asistiron un total de 100 persoas.

6.1.5. Exposicións

Co motivo do Marzo Ambiental, houbo 5 exposicións dispoñíbeis durante o mes de marzo en distintas escolas e facultades da UDC. Os temas tratados foron mobilidade, pegada ecolóxica, xestión de residuos, biodiversidade e nutrición saudable e sustentable.

A asistencia a ditas exposicións era gratuita e libre e estímase a participación dun total de 350 persoas.




Fotografías dos distintos tipos de actividades do Marzo Ambiental 2023: (De arriba abaixo, de esquerda a dereita) Palestra, Mesa redonda, Visita técnica, Obradoiro, Voluntariado ambiental

7. Campañas de aforro de auga, enerxía e papel

7.1. Contribucións no mapeo de auga con Emapic

Durante o curso 2022-2023 houbo **158 novas participacións** nesta aplicación para o mapeo colaborativo dos equipamentos consumidores de auga (billas e cisternas), chegando así a un total de 670 entradas. Para o curso 2022/2023, obtivéronse como resultados un caudal medio de 5,86 L/min, tendo o 45% das billas perlizador. A modalidade de cisternas para a descarga única representa o 65%, mentres que as de descarga dobre ou interrompible supoñen un 33%.



Resultados da enquisa "Consumo de auga" en Emapic



Portada do caderno e persoal bolseiro elaborando os cadernos reciclados

7.2. Aforro de auga na UDC e eco-auditorías

No curso 2022-2023 proseguíuse co obxectivo de reducir o consumo de auga da UDC. Concretamente, leváronse a cabo ecoauditorías da auga en 3 centros: Edificio de Terapia Ocupacional, Decanato da Facultade de Ciencias da Saúde, así como na Escola Universitaria de Deseño Industrial de Ferrol. A actuación consistiu na medición dos caudais, o cal permite facer control e seguimento do estado das billas, ademais da comprobación da presenza de eco-etiquetas para promover o aforro da auga, de sinalizacións do caudal da billa e de eco-perlizadores compatibles nas billas.



Fotografía dunha voluntaria axustando o caudal dunha billa dos baños universitarios durante unha eco-auditoría da auga

7.3. Aforro de papel na UDC


A Oficina de Medio Ambiente continúa cada curso a fomentar o aforro de papel na UDC e promocionar o uso do papel reciclado. Unha das accións que se segue a desenvolver é a iniciativa 'Re-utilizando: 2 caras, 2 usos', mediante a que se promociona a reutilización do papel a través de caixas colocadas ao longo das áreas comúns de Escolas e Facultades. Nestas caixas, que para maior visibilidade levan o distintivo da campaña, pódese deixar o papel empregado só por unha cara coa fin de que aquel que o precise, o reutilice, reducindo así o consumo de papel e evitando que estas follas a medio usar acaben no lixo.



Cartaz promocional da campaña e caixa de "2 caras-2 usos" na biblioteca da ETSAC

7.4. Aforro de enerxía na UDC


De novo, a divulgación en canto ao uso responsábel da enerxía continuou no curso 2022/2023 coa sinalización en lugares estratéxicos da imaxe “OFF” facendo referencia á importancia de apagarmos os equipamentos e luces ao remate do seu uso. Así mesmo, na Facultade de Ciencias e en todo o Campus de Ferrol, o persoal bolseiro OMA-GC encargouse de elaborar un novo etiquetado para as chaves da luz, convidando a acender só aquelas lámpadas que realmente sexan necesarias, e podendo facelo comodamente ao primeiro intento. Ademais, no caso de Ferrol, as bolseiras OMA-GC acudiron á Universidade Sénior para explicar o funcionamento desta nova etiquetaxe.



Fotografías do etiquetado das chaves de luz

7.5. Emapic Enerxía

Durante o curso 2022/2023 rexistráronse **62 novas entradas** na ferramenta Emapic para o cálculo da pegada de carbono do consumo enerxético nos fogares. A media destas contribucións foi de 4.102,56 kWh/persoa·ano, na liña do total rexistrado na aplicación (3293,62 kWh/persoa·ano, para 152 entradas desde o ano 2021).



8. Outras actividades

8.1. Hortas UDC

Co obxectivo de facilitar o acceso da comunidade da UDC a unha mellor alimentación, así como promover o contacto co medio natural e o solo produtivo, o cal é un recurso escaso e esencial, ao tempo que se contribúe á xeración de novos ecosistemas que acollen e axudan a mellorar a biodiversidade e diversidade paisaxística do campus, a OMA pon a disposición da comunidade universitaria hortas urbanas que poden empregar para producir os seus propios alimentos, ecolóxicos e de proximidade. Para iso conta cun total de 40 parcelas cunhas dimensións de 20m2 aprox. cada unha. Estas hortas ofértanse cada ano tanto ao alumnado como PAS e PDI.

Este ano a convocatoria abriuse o 2 de marzo e o 14 dese mesmo mes procedeuse ao sorteo. Nesta ocasión dispoñíanse de 9 parcelas libres na cota dos estudantes, e 7 na do colectivo do persoal. Todas elas foron adxudicadas contando incluso con listas de agarda, repetindo o éxito dos anos anteriores. Deste xeito, as novas persoas adxudicatarias poderán desfrutar da súa parcela ata xaneiro de 2024 con opción a renovar.



Fotografía dalgunhas das parcelas na zona de hortas do campus de Elviña

8.2. Limpeza de praias

No Día Mundial dos Océanos, o 8 de xuño, organizouse a limpeza da praia de Bens, aberta tanto ao persoal bolseiro como ao público xeral da UDC. Participaron en total **11 persoas**, e o resultado de recollida sumou mais de 250L en volume de lixo, moito del microplásticos, restos de toallíñas, palitos dos oídos e cabichas.



8.3. Proxecto Rompendo Regras: obradoiro compresteads

A OMA colaborou co grupo de Igualdade da Facultade de Ciencias da Educación na súa iniciativa “Rompendo regras”, proxecto que focaliza na menstruación consciente, mais analizándoa dende múltiples perspectivas (o silencio patriarcal que a asoballa, o descoñecemento e tabú que a acompaña, o estigma co que viven as persoas menstruantes...) e tentando darlle visibilidade e contribuír ao seu estudo e investigación.

A función da OMA foi o traballo na educación para unha menstruación sá e ao mesmo tempo sostible co medio ambiente, rachando coa idea de usar produtos dun só uso e fabricados con compoñentes de síntese e moitas veces tóxicos. Para iso, e con motivo do Día da Saúde Menstrual, realizouse un obradoiro na Facultade de Economía e Empresa para que o alumnado puidera elaborar as súas propias compresas de tea reutilizábeis.

Empregando teas procedentes de camisetas, toallas e paraugas e un pouco de paciencia na costura, as **12 persoas asistentes** ao obradoiro puideron elaborar cadansúa “comprestea” e adquirir os patróns necesarios para repicalas nas súas casas.



Fotografías do obradoiro de elaboración de "compresteas"

8.4. Proxecto Ríos

O Proxecto Ríos é unha iniciativa de carácter colectivo que busca educar, concienciar e fomentar a participación a favor do medio ambiente. Baixo esta idea, o proxecto leva a cabo actividades en distintos puntos de interese da contorna. Un deles é o río Lagar, que a OMA-UDC adoptou no seu paso polo campus de Elviña. Deste xeito levan anos facendo rexistros da calidade da auga con datos que despois se reflicten no informe anual de saúde dos ríos galegos, elaborado polo Proxecto Ríos.

Neste curso, leváronse a cabo dúas inspeccións, no outono e na primavera. Foi unha actividade aberta na que participou alumnado da materia ApS do Grao de Bioloxía e tamén público xeral da UDC, con inscrición previa. En total participaron **113 persoas**.

Cada xornada foi de dúas horas de duración, constou dunha breve explicación, logo da cal se realizou a análise da auga: levouse a cabo unha recollida de invertebrados que posteriormente foron detidamente analizados, pois estes insectos serven como bio-indicadores que permiten coñecer o estado da calidade da auga. O resultado obtido foi de estado "moderado" do río Lagar ao seu paso polo Campus de Elviña.



Fotografías do voluntariado no Proxecto Ríos

8.5. Obradoiro arte sostible

Un dos obxectivos da oficina de medio ambiente é sensibilizar a comunidade universitaria no tratamento dos residuos que se xeran tanto nos propios fogares coma na universidade. Deste xeito, o 4 de maio levouse a cabo un obradoiro no que as **5 persoas participantes** sacaron a súa vea máis artística para darlle unha segunda vida a materiais que estaban destinados a ser residuos, como CDs antigos ou botes de vidro de alimentos, favorecendo así a súa reutilización. Un espazo para compartir de maneira artística o inxenio e a imaxinación, amosando que calquera residuo pode ser reconvertido dende a liña upcycling, mediante a reciclaxe creativa.



Fotografías do obradoiro de upcycling "Arte sostible"

8.6. Curso on-line Pegada ecolóxica e Emerxencia

Climática: Achegas desde a UDC

Curso de 10 horas de formación que tivo dúas convocatorias no curso 2022/2023: a primeira no mes de novembro de 2022 foi de formación interna dirixida especificamente ao persoal bolseiro da OMA e Green Campus, e a segunda en xuño de 2023 aberta para a comunidade universitaria. En total participaron **23 persoas**.



9. Programa Green Campus

O programa Green Campus é unha iniciativa da *Foundation for Environmental Education* (FEE) en colaboración con varias universidades europeas para potenciar os valores de Educación Ambiental no ámbito universitario. A FEE é unha organización non gobernamental e sen ánimo de lucro que ten por principal obxectivo promover o desenvolvemento sostible a través dunha potente ferramenta: a educación ambiental.

A metodoloxía Green Campus busca que a Universidade da Coruña sexa cada vez máis sostible e faino a través dos seguintes pasos, en cada Facultade ou grupo de Facultades: creación dun Comité Ambiental, realización de eco-auditorías, elaboración dun Plan de Acción e dunha declaración do compromiso ambiental, xunto co asesoramento, información, comunicación e avaliación continua provido pola OMA-UDC e unha auditora externa. No caso da UDC, esta auditora é a Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC), como sección española da FEE. Deste xeito, é a encargada de avaliar e outorgar as Bandeiras Verdes en recoñecemento ao traballo e continuo progreso en prol da sustentabilidade. Así mesmo, esta Asociación encárgase tamén en España da entrega das coñecidas Bandeiras Azuis nas praias, así como do recoñecemento aos Sendeiros Azuis, co cal a UDC foi galardoada este ano.



Fotografías do acto de entrega das Bandeiras Verdes na Reitoría (A Coruña)

No curso 2022-2023 foi concedida por primeira vez unha Bandeira Verde á Facultade de Ciencias, de xeito que a UDC conta xa con 8 programas galardoados con este distintivo, os cales son un exemplo para os demais centros e, ao mesmo tempo, para toda a comunidade universitaria.

Programas Green Campus con bandeira verde:

- Campus de Ferrol
- Escola Técnica Superior de Arquitectura
- Facultade de Ciencias da Saúde
- Facultade de Ciencias da Educación
- Escola Universitaria de Arquitectura Técnica
- Facultade de Ciencias
- Facultade de Fisioterapia
- ETSE Camiños, Canais e Portos



Acto de entrega da Bandeira Verde no campus de Esteiro (Ferrol)

Áreas de acción do programa Green Campus:

1. Optimización do consumo de auga e enerxía
2. Redución da xeración de residuos e promoción da recollida separada
3. Atención preferente aos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE)
4. Contaminación atmosférica, acústica e luminosa
5. Mobilidade sostíbel
6. Alimentación saudábel
7. Biodiversidade
8. Compra verde, comercio xusto e consumo responsable
9. Participación, sensibilización e voluntariado ambiental
10. Ambientalización curricular da docencia e da investigación.

10. I Edición Premios WeSea-UDC Sustentabilidade

A OMA-UDC premiou, por quinto ano consecutivo, a inclusión de criterios de sustentabilidade e economía circular nos Traballos Finais de Grao (TFG) ou de Mestrado (TFM) desde a súa temática particular, deixando constancia de que a sustentabilidade é unha cuestión transversal. Nesta convocatoria o certame contou co financiamento de Conservas Rianxeira S.A.U. (JEALSA), a través do seu programa de Responsabilidade Social Corporativa “We Sea”, sendo así a I Edición dos Premios We Sea - UDC Sustentabilidade TFG-TFM. O premio para as persoas gañadoras foi de 1.000€ en cada modalidade (mellor TFG e mellor TFM), ademais de 3 meses de prácticas remuneradas e a publicación do traballo nunha colección da UDC baixo licenza CC BY-NC-SA 4.0.

Ao certame presentáronse 19 candidaturas. A resolución publicouse o 5 de xuño, Día Mundial do Medio Ambiente.

Gañador na modalidade de Traballo Final de Grao:

José Francisco Díaz Méndez (Grao en Química), por un traballo sobre a calidade da separación da fracción orgánica dos residuos nos centros universitarios e a viabilidade da súa compostaxe.

Gañadora na modalidade de Traballo Final de Mestrado:

Laura Méndez Casal (Mestrado Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria), polo seu traballo de intervención educativa sobre o impacto ambiental na Ría do Burgo con alumnado de 6º de Educación Primaria.




Acto de entrega dos premios UDC-Jealsa Sustentabilidade

11. A UDC no ranking Green Metric 2022

No 2010, a Universidade de Indonesia elaborou por primeira vez o Ránking GreenMetric, un sistema de clasificación que avalía a máis de 900 universidades internacionais en función das súas prácticas ambientais. Este ranking ten en conta diversos aspectos relacionados co medio ambiente, aglutinados en seis eixos de actuación: Infraestruturas, Auga, Enerxía, Residuos, Mobilidade e Educación e investigación.

Na convocatoria de 2022, aínda marcada pola adaptación á realidade post-pandemia, valoráronse os esforzos das universidades para continuar os seus programas e políticas de sustentabilidade logo dos grandes cambios e dificultades que supuxo a adaptación á Covid-19.

Neste ano a UDC acadou a **5ª posición no ámbito estatal** de 29 universidades participantes. Así mesmo, seguiu liderando a clasificación das universidades galegas e ficou na posición 90 das 1.050 universidades presentadas a nivel mundial.



Diploma emitido polo Presidente de UI GreenMetric e a Reitora da UI, concedendo á UDC o posto 90 mundial en indicadores de sustentabilidade ambiental. Puntuación obtida en cada un dos eixos de actuación valorados


Así mesmo, este curso a Vicerreitora de Infraestruturas e Sustentabilidade, M^a Amparo Casares, o Director da OMA, e persoal laboral da Oficina acudiron ao 9º Obradoiro Internacional IU Green Metric que tivo lugar en xuño de 2023 en Braga (Portugal). Foi unha oportunidade para coñecer as accións en sustentabilidade levadas a cabo en outras Universidades de todo o mundo, así como compartir ideas e xerar rede.

Dende a UDC, a Vicerreitora expuxo o plan enerxético da Universidade e o compromiso coa promoción da enerxía solar fotovoltaica ante o desafío que supoñen as enerxías renovábeis ("The energy efficiency plan of the University of A Coruña: a commitment to photovoltaic solar energy in the face of the challenge of renewable energies"). Tamén se presentaron tres pósters que achegaban información sobre:

- O programa de Educación para a Sustentabilidade denominado "Campus, casa, cidade: Laboratorios do cambio", que acolle a UDC.
- Os resultados sobre a recollida selectiva de residuo orgánico en áreas xerais dos centros universitarios.
- A avaliación do programa Green Campus na UDC.



Fotografías no 9º Obradoiro Internacional IU Green Metric en Braga




12. Resultados e valoración do curso 2022-2023

12.1. Cronograma

No calendario aparecen as diferentes actividades realizadas durante o curso 2022/2023, distinguindo por cores segundo a súa tipoloxía.

2022-2023



* Os meses de decembro e xaneiro excluíronse do cronograma por non terse levado a cabo actividades concretas neste período.


12.2. Participación

As actividades desenvoltras neste curso 2022/2023 tiveron moi boa acollida. En conxunto, acadaron a participación dun **total de 3.046 persoas**.

Durante este curso, a maioría das actividades foron levadas a cabo de modo presencial. O total de actividades pode dividirse nos seguintes grupos principais:

- Marzo ambiental 2023: achegou a maior cantidade de participacións, superando as 1.600.
- VI Semana dos cogumelos na UDC: entre 150 e 200 participantes.
- Actividades no Monte da Fraga: cunha participación de 161 persoas.
- Inspeccións do Proxecto Ríos de outono e primavera: 113 participantes.
- Campaña recollida selectiva F. CC. Educación: 265 participantes.
- Ferramentas EMAPIC: para o cálculo da pegada ecolóxica da mobilidade, residuos e enerxía, e mais dos equipamentos consumidores de auga, sumaron 525 participacións.
- Servizo de préstamo de bicicletas: 126 persoas.
- Outras actividades: o conxunto de participación nas restantes actividades foi de 59 persoas, nas que se inclúen o proxecto Rompendo Regras, o Obradoiro de arte, a limpeza de praias ou a actividade de compostaxe aberta a comunidade universitaria.

Gráfica: número de participantes en cada tipo de actividade do curso 2022/2023




12.3. Avaliación


Unha vez rematado o programa de **Bolsas de colaboración OMA-GC**, enviouse unha enquisa anónima a todas as bolseiras da OMA-GC, na cal se preguntaba pola valoración da súa bolsa en xeral, e tamén aspectos específicos como a comunicación, a dirección, o tempo e a coordinación, así como das accións organizadas a través desta.

A valoración obtida por parte do persoal bolseiro foi moi positiva, de 4,5 puntos sobre 5 na valoración total. En xeral a opinión dos bolseiros foi boa, destacando a gran flexibilidade e facilidade para adaptar os horarios, unha cuestión de gran relevancia para a maioría do estudantado. Así mesmo, outras cuestións positivas a destacar foron o feito de compartir tempo con outras beneficiarias da bolsa e da OMA, así como coñecer e participar no Green Campus, dentro das súas posibilidades, ademais de contribuír a diminuír a pegada ecolóxica da UDC.

Doutra banda, como aspecto negativo destaca a baixa divulgación da bolsa de colaboración, pois en xeral o medio a través do cal a coñecen é o contacto con persoal bolseiro de anos anteriores; polo tanto, reclaman maior divulgación para que esta oportunidade chegue a máis xente.



A valoración do **Marzo Ambiental 2023** fíxose a través dun formulario web enviado a lista de todas as persoas participantes. Obtivéronse 68 participacións das cales o 79% salientou unha valoración global de Boa ou Moi boa. Así mesmo, un 73% recomendaría sen dúbida a outras persoas a participar en futuras edicións de Marzo Ambiental na UDC.



Ademais, o cuestionario de avaliación mostrou preguntas para a análise do impacto do curso nas persoas, antes e despois de ter participado nos módulos de formación. Os resultados, que se mostran na seguinte gráfica reflicten que a pesar de que o 46% dixeron ter nulos ou baixos coñecementos previos, logo o 88% acadou unha percepción de mellora dos seus coñecementos (de feito, un 31% considerouno clave para a súa formación).

